



Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medio ambiente

Nº 257  
31/05/2023



En Coruña o **colectivo Mobi-liza** puxo en práctica a teoría dos seus talleres de mobilidade responsable cunha **marcha ciclista** que reuniu a máis de 120 estudantes de primeiro e segundo da ESO do **instituto Ramón Menéndez Pidal**, a máis numerosa de cantas organizaron. Durante unhas **tres horas**, os participantes percorreron en bicicleta distintos tramos do paseo marítimo ata chegar á punta do dique de abrigo. Policías locais, voluntarios de Protección Civil, profesores do centro e catro monitores de Mobi-liza formaron parte da marcha. Un taller céntrase en aspectos **ergonómicos** e outro, en **educación viaria**, grazas á colaboración do 092, segundo explica o monitor Xesús Fernández. A próxima marcha será con alumnos do IES **Monte das Moas**.

## Noticias

### As casas-niño reciben ás primeiras aves en Cambre

As **casas-niño** instaladas en casa Arrigada e no paseo fluvial do **río Mero** empezaron xa a recibir aos seus primeiros hóspedes. Os paxaros comezaron a facer uso destes hoteis deseñados para eles dentro dunha actividade da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) de Cambre.

A iniciativa púxose en marcha dentro do **programa da área de Xuventude Por fin é venres**. A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo doou estas construcións e os mozos encargáronse de preparar e decorar estes elementos e convertelos en fogares para paxaros.

Máis Info

### Arteixo elimina nun mes a metade das algas do encoro de Sabón

Co obxectivo de **potabilizar a auga** do encoro de O Rexedoiro, epicentro do polígono industrial de Sabón, en Arteixo, realizouse a instalación, como parte dun proxecto experimental, de **dous equipos autónomos de ultrasóns** para a **redución de algas** nesta masa de auga que ten 18 metros de profundidade. As **floracións de algas** **reducen** a penetración da luz, **esgotan** o osíxeno e **liberan** toxinas perigosas que danan aos peixes, as plantas e outros organismos.

Trátase dun tratamento innovador libre de produtos químicos que non interfere co resto de fauna e flora presentes no encoro. E bastou apenas un mes para dar por eliminadas a metade das algas.

Máis Info

## Un proxecto galego aproveita excrementos de galiñas para xerar fertilizantes e biogás

Pódense aproveitar os residuos do sector agrícola? Esa é a premisa da que partiu o **proxecto APROAVI**, que ten por obxectivo mellorar a competitividade das explotacións avícolas. Para iso, propón valorizar os excrementos das **galiñas converténdoo en enerxías renovables** —como o biogás ou o gas de pirólise— e en fertilizantes.

Segundo explican os impulsores do proxecto, o incremento da produción avícola nos últimos anos provocou unha acumulación dun volume cada vez maior de residuos. Para o desenvolvemento do proxecto, as entidades participantes queren cumprir unha serie de **obxectivos específicos**. Entre eles, identificar e establecer as características dos principais residuos orgánicos xerados na comarca da Limia e da Baixa Limia. Así mesmo, maximizar a produción de biogas e comprobar a efectividade dos produtos obtidos durante o proceso, sobre todo como fertilizantes para o cultivo da pataca e do trigo.

Máis Info

## A gran mancha que se ve desde o espazo no deserto de Atacama é unha gigantesca montaña de roupa sen vender

No **deserto de Atacama, en Chile**, pódese apreciar desde o espazo un peculiar accidente xeográfico que non ten nada que ver coa natureza: unha **montaña... de roupa sen vender** (aproximadamente 60.000 toneladas).

Tal e como recolle Gizmodo, trátase de toneladas de roupa baixo custo, sen vender, procedente de **Europa, Asia e Estados Unidos** que acaba nesta zona de Sudamérica. A imaxe difundiuna SkyFi, unha empresa que ofrece acceso a imaxes satelitais, e que compartiu a mesma nunha publicación de blogue. Pero, por que este lugar? A resposta está na cidade portuaria próxima de Iquique. Trátase dunha de varias **'zonas francas'** en Chile, o que significa que non hai aranceis, impostos ou cargos relacionados coa aduana. A roupa que se vende lánzase ao deserto.

Máis Info

## É posible degradar plástico utilizando fungos?

Un novo experimento de laboratorio, liderado por investigadores da Universidade de Sidney (Australia), conseguiu **biodegradar polipropileno - plástico** moi utilizado en multitude de produtos usando **dúas cepas comúns de fungos (Aspergillus terreus e Engyodontium album)**.

Os investigadores utilizaron estes dous tipos de fungos —Aspergillus terreus e Engyodontium album—, que se poden achar tanto nas **plantas** como no **chan**, para descompoñer o polipropileno. Previamente, este plástico foi sometido a un **tratamento con calor ou luz ultravioleta**, diminuíndo o plástico nun 21% en 30 días de incubación e nun 25%-27% en 90 días de incubación.

Os **plásticos** son materiais sintéticos que se obteñen mediante reaccións de polimerización de recursos naturais como o carbón, a celulosa, o gas natural, o petróleo e o sal común. Segundo as súas características, existen **dous grandes tipos** de plásticos:

**Termoplásticos** (Son máis fáciles de reciclar que os termoestables. Pódense quantar e volver moldear varias veces sen que se alteren as súas propiedades orixinais) e **Termoestables**.

Máis Info

## Sabías que...

O Estudo Xeral de Medios (EGM) de 2023 sinala que a **lectura de revistas en papel aumentou un 17%**, o que equivale a case 11 millóns de españois que len revistas en papel. O EGM distingue entre **revistas**, cunha cota do 26%, **diarios**, cunha penetración do 13,8%, e **suplementos**, cunha penetración do 4,6%. O medio revistas recuperou a súa fortaleza despois da pandemia, xa que volveron a lugares como cafeterías, salas de espera ou salóns de peiteado...



# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Ensalada Lao ecolóxica e liviá

### Ingredientes (4 persoas)

**Para o aderezo:** 50 gr. de sementes de sésamo, 1 limón, 2 limas, 3 culleradas de aceite vexetal, 1 cullerada de auga, 1 cullerada de azucre, Un chisco de sal

**Para a ensalada:** 1 leituga iceberg pequena, 1 ceboliña, 1 cogombro pequeno, 1 tomate mediano, 1/2 pemento vermello, 1/2 feixe de coandro, sal, 200 gr de carne de porco magra, 2 dentes de allo finamente picados.

Se as sementes de sésamo ecolóxico están crúas, hai que tostalas lixeiramente nunha tixola a lume moi lento, movéndooas continuamente para que a cocción sexa uniforme; coidar que non se queimen. Unha vez tostadas colócanse nun bol xunto co zume dos limóns e as limas, o aceite, a auga, o azucre e o sal. Mestúrase todo moi ben e resérvase...

Máis Info

## O superalimento de moda en Galicia é galego, rico en fibra e moi baixo en calorías

Se hai algo que gusta de Galicia, ademais da súa cultura e as súas paisaxes, é a gastronomía. O polbo, a empanada, os mariscos... Un bo prato de **cocido galego** non pode faltar na nosa mesa un par de veces por mes. Eso si, debe levar **grelos**, están cargados de propiedades e unha chea de beneficios para a saúde. Son ricos en **nutrientes e moi baixos en calorías**. Só conteñen **32 calorías por cada 100 gramos**.

En canto a vitaminas e minerais, destaca en vitamina **A, C e K**, así como en **calcio, cobre, ferro, magnesio, manganeso, fósforo e nitrato**. Ademais, esta cargado de propiedades antioxidantes e anticancerixenas.

Máis info

## Canto podo aforrar se cambio o coche por unha bici eléctrica?

A utilización dunha bicicleta eléctrica en cidade en comparación cun automóbil permite un **aforro de 2.010 euros de media ao ano**, segundo datos facilitados por Norauto, con motivo da entrada en vigor, o pasado 1 de xaneiro, da aplicación de **zonas de baixas emisións (ZBE)** en todos os municipios españois —tamén galegos— de máis de 50.000 habitantes, os territorios insulares e os que teñan unha poboación superior a 20.000 persoas e superen os valores límites de contaminantes regulados.

Ante esta nova normativa, a cadea de mantemento integral do automóbil analizou esta nova situación e defendeu a utilización **da bicicleta, o patinete e a moto eléctrica** como «grandes solucións» para a **movilidade urbana** que, ademais, supoñerán un «importante aforro», segundo recolle Europa Press.

Máis Info

## A minería mariña ameaza unha zona do Pacífico na que se acaban de descubrir 5.000 especies

A denominada **Zona Clarion-Clipperton (CCZ)** é unha gran **extensión do Pacífico** que xa foi dividida e asignada a empresas para a futura minería de augas profundas. A extracción de minerais nestes fondos como os da CCZ é complexa pero pode achegar grandes beneficios económicos.

Os traballos mineiros nos océanos tamén poden supoñer **danos ambientais** de grandes proporcións, como advertiron nos últimos anos diversos estudos científicos. A máis recente destas investigacións sinala, como exemplo das perdas que pode comportar a minería mariña, o **descubrimento na CCZ de 5.000 especies de microorganismos, flora e fauna descoñecidos ata o de agora**.

Máis Info

# Boas Prácticas

## Boas prácticas para o turismo nas Marismas do Odiel

Durante o mes de febreiro de 2023 púxose en marcha o proxecto “**Protexendo a Biodiversidade na Reserva da Biosfera de Marismas do Odiel**”. Financiado pola European Outdoor Conservation Association (EOCA) que, ao longo de 3 anos, levará a cabo un amplo abanico de actividades de **seguimento, conservación e concienciación na natureza**. Coa axuda dunha gran rede de persoas voluntarias.

Entre as actividades previstas, atópase este manual de **boas prácticas para o turismo en épocas de cría**. Na Paraxe Natural das Marismas do Odiel existen numerosas zonas de nidificación de especies protexidas; e nalgúñas ocasións estas colonias de cría coexisten con zonas de uso público e zonas de espaxamento, como son as colonias mixtas de **charrancito común, chorlito patinegro e canastera común**, que se dan en determinados puntos da praia do espazo protexido e outras zonas da paraxe.

Máis info

## Oviedo, Vigo e Bilbao son as cidades que mellor xestionan os seus residuos, segundo OCU

**Oviedo, Vigo e Bilbao** son as cidades que **mellor xestionan os seus residuos** segundo unha enquisa de satisfacción en 69 cidades, algunhas das cales reciben un **suspenso** dos seus veciños, como Las Palmas de Gran Canaria, Palma, Sevilla, Xerez, Alacante, San Sebastián de los Reyes e Leganés. A **información deficiente** e a **distancia ao contedor** de envases, de papel ou de vidro lastran a valoración. A **xeografía** é un factor que condiciona a recollida e tamén a dificultan outros aspectos como os estreitos canelóns dos cascos antigos, e logo está o feito de que haxa veciños máis implicados e concienciados que outros.

Máis Info

## Cambre iluminará varios pasos de peóns nos núcleos urbanos

**Preto de 40 pasos das zonas urbanas de Cambre, O Temple e A Barcala** dispoñen, desde hai uns días, dun novo elemento que captou a atención veciñal. O Concello realizou, nas últimas semanas, a preinstalación da **nova iluminación** que se colocará nos **pasos de peóns**.

Todos os pasos levarán incorporada unha **tira con luces led** que os fai **máis visibles a distancia** e que funcionará, por tanto, como un sinal de advertencia para os condutores. Ademais, o Concello levará a cabo a colocación de focos que proxectarán a luz, directamente, sobre a senda. Nalgúns casos, instalaranse dous focos para garantir que ningún dos extremos quede pouco iluminado.

Máis Info

## Axenda Ambiental

-  **Feira de Turismo de Observación da Natureza Naturtajo 2023**, Corduente (Guadalaxara), do 8 ao 11 de xuño de 2023.
-  **Xornada Innovación Ambiental e Taxonomía Verde Europea**. Auditorio Fundación Canle, Mateo Inurria 2. Madrid, 7 de xuño de 2023.
-  **Premi Ramón Margalef d'Ecologia 2023**, prazo límites, 9 de xuño de 2023.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)